

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE NÚM.: 2024/X999/000146

EXPEDIENTE DE DECRETO: 2024/G003/000507

ASUNTO: RESOLUCIÓN DE ESTABLECIMENTO DO PREZO PÚBLICO PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE CONCILIACIÓN FAMILIAR PARA MENORES: LUDOTECA DE NADAL.

Vista a memoria de data 02/12/2024, na que se expón que o Concello ten previsto realizar o Programa de conciliación familiar para menores: Ludoteca de Nadal, cuxa execución levarase a cabo nas seguintes xornadas en horario de 9:00 a 13:00h e destinado a menores nados entre o 2013 e 2021.

Decembro: 23, 26, 27 e 30

Xaneiro: 2 e 3

Tendo en conta que o custo total da actividade ascende á cantidade de 1.149,50€.

Visto o establecido no artigo 4 da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de actividades deportivas, culturais, recreativas e de ocio, publicada no BO P nº 19 de 29 de xaneiro de 2021:

“Artigo 4.- Contías

1.-O establecemento e contía do prezo público regulado nesa ordenanza será o que fixe en cada caso a alcaldía en atención ó custo dos mesmos.

2.-Para a fixación do importe do prezo público será necesaria a proposta do servizo ou departamento responsable da prestación do servizo ou realización de actividades, na que se xustifique documentalmente:

O custo total da actividade ou servizo.

O número estimado de asistentes ou participantes.

O importe dos prezos públicos pola realización de actividades deberá cubrir como mínimo o coste da actividade realizada. En todo caso, se o prezo a abonar polos interesados é inferior ó custo do servizo ou actividade nos termos regulados no

artigo desta ordenanza, a proposta do servizo ou departamento responsable deberá incluír a previsión do seu financiamento.

Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público, que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo dos límites previstos no apartado anterior. Neste caso consignarase nos orzamentos as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante, se a houbese.

3. Acordadas as contías do prezo público de cada actividade, o acordo será exposto no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello a efectos da súa publicidade."

Pola presente,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Acordar o carácter social da actividade e fixar o prezo público a aboar polos participantes na citada actividade. O prezo a abonar será de 20,00 € por cada un dos/as usuarios/as do participantes no programa.

SEGUNDO.- Expoñer este acordo no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello a efectos da súa publicidade.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno na próxima sesión que se celebre.

Mandao e asíno, o sr. alcalde, en Sobrado, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretaria-interventora, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

O alcalde

A secretaria-interventora

Luis Lisardo Santos Ares

Alejandra. D Fandiño Sánchez